

EXTRACTO PROGRAMACIÓN – CMC 1º BAC

CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS

Nº	UNIDADES DIDÁCTICAS	Libro	TEMPORALIZACIÓN		Probas	Avaliación
			SESIÓNS	MES		
BLOQUE I: O NOSO LUGAR NO UNIVERSO						1ª
1	UNIVERSO: ORIXE E COMPOSICIÓN	Tema 1	2	Setembro	EX1	
2	O SISTEMA SOLAR	Tema 2	2	Setembro		
BLOQUE II: O NOSO PLANETA, A TERRA						
3	A ATMOSFERA	Tema 3	2	Setembro – Outubro	EX2	
4	VULCANISMO	Tema 4	3	Outubro		
5	SISMOLOXÍA	Tema 5	3	Outubro		
6	ESTUDO DO INTERIOR DA TERRA	Tema 6	3	Novembro	EX3	
7	DERIVA CONTINENTAL	Tema 7	2	Novembro		
8	TECTÓNICA DE PLACAS	Tema 8	5	Novembro – Decembro		
BLOQUE III: CARA Á UNHA XESTIÓN SUSTENTABLE DO PLANETA						2ª
9	EFFECTO INVERNADOIRO	Tema 9	2	Xaneiro	EX4	
10	CHOIVA ÁCIDA. CENTRAIS TÉRMICAS	Tema 10	3	Xaneiro		
11	DESTRUCCIÓN DA CAPA DE OZONO	Tema 11	2	Xaneiro		
12	CENTRAIS NUCLEARES	Tema 12	3	Xaneiro – Febreiro	EX5	
13	ENERXÍAS RENOVABLES	Tema 13	2	Febreiro		
BLOQUE IV: VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR						
14	SAÚDE E ENFERMIDADE	Tema 14	2	Febreiro	TRABALLO	
15	ENFERMIDADES PRODUCIDAS POR BACTERIAS	Tema 15	2	Febreiro		
16	ENFERMIDADES PRODUCIDAS POR PROTOZOOS E FUNGOS	Tema 16	2	Marzo		
17	ENFERMIDADES PRODUCIDAS POR VIRUS	Tema 17	2	Marzo		
18	VACINAS	Tema 18	2	Marzo		
BLOQUE V: A ORIXE DA VIDA E A ORIXE DO SER HUMANO						3ª
19	ORIXE DA VIDA	Tema 19	2	Abril	EX6	
20	HIPÓTESES SOBRE A ORIXE DA VIDA	Tema 20	3	Abril		
21	A EVOLUCIÓN E AS SÚAS PROBAS	Tema 21	3	Abril – Maio		
22	AS GRANDES EXTINCIÓNS	Tema 22	2	Maio	EX7	
23	EVOLUCIÓN HUMANA	Tema 23	3	Maio		
BLOQUE VI: A REVOLUCIÓN XENÉTICA: DESVELANDO OS SEGREDOS DA VIDA						
24	OS ÁCIDOS NUCLEICOS (ADN E ARN)	Tema 25	4	Maio – Xuño	EX7	
25	BIOTECNOLOXÍA	Tema 26	3	Xuño		

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada unha das avaliacións é individual e será realizada dacordo coas clases. Os contidos serán avaliados segundo a táboa de "PUNTUACIÓN DAS AVALIACIÓNS" situada posteriormente.

Para establecer a nota da cada unha das avaliacións, serán aplicadas as seguintes pautas:

- ✓ Se e/a profesor/a o considera oportuno, poderase incluír nos exames, cuestións relacionadas cós temas tratados durante as sesións audiovisuais (DVD, programas informáticos,...), e incluso cuestións sobre as prácticas de laboratorio ou campo.
- ✓ Seguindo co apartado anterior, nos exames poderase incluír **exercicios ou preguntas de resolución obrigatoria, normalmente relacionados con criterios mínimos**, de coñecementos, para os que o alumnado deberá obter una puntuación

mínima que se indicará na folia do exame. No caso de non acadar dita puntuación mínima, o alumnado suspenderá o exame, polo que deberá recuperar a proba correspondente.

- ✓ Como norma xeral, as datas dos exames serán fixados con antelación. Non obstante, o profesorado poderá realizar **exames "sorpresa"** en calquera momento do curso, sen aviso previo, e tendo en conta que o alumnado debe levar a materia ao día.
- ✓ Por cada trimestre-avaliación realizarase xeralmente entre 2 e 3 exames escritos e en tódolos exercicios do exame deberá constar a puntuación máxima de cada exercicio, así como a puntuación máxima de cada un dos seus apartados.
- ✓ A **nota mínima** esixida en cada exame para poder facer media cós outros exames, será **de 4**. Non obstante, para aprobar cada avaliación, o alumnado deberá obter unha nota media, entre tódolos exames, de **CINCO**, independentemente de que nalguna proba teña puntuacións superiores a 4 e inferiores a 5. Neste caso, a nota media de tódolos exames da avaliación baremarase sobre un 70% da nota global da avaliación, e a dita nota sumárase a correspondente a procedementos 20% e a actitudes 10%.
- ✓ No caso de que, por razóns especiais, só se realice un exame escrito ao longo dese trimestre-avaliación, a nota mínima esixida na parte de conceptos, para poder sumar a puntuación do apartado de procedementos, será de **CINCO**.

PUNTUACIÓN DAS AVALIACIÓNS

	ACTIVIDADE	ASPECTOS AVALIABLES	% PAR CIAL	% FI NAL
CON CEP TOS	1- Probas	Exames escritos (neles indicárase a puntuación de cada un dos exercicios ou cuestións prantexados). Exames orais , en casos particulares (alumnos con incapacidade para escribir,...) (neles se indicará a puntuación de cada un dos apartados) *	70	70
PRO CE DE MEN TOS	2- Actividades	Realización e resolución de problemas e/ou cuestións escritas realizadas na aula ou na casa e/ou resolución de cuestións orais realizadas en clase. Neste caso, darase ao alumno 0,05 puntos por cada intervención, solución ou resposta correcta, ata un total de 1 punto sobre 10.	20	20
	3- Actividades de laboratorio	Traballo realizado durante a práctica e resultados obtidos durante a actividade de laboratorio . Tamén darase a cada alumno 0,05 puntos por cada intervención, solución ou resposta correcta, ata un total de 1 punto sobre 10.		
	4-Traballos relacionados con unidades didácticas	Pode ser un traballo por avaliación. A puntuación sería de 1 a 2 pts, dependendo dos demais procedementos		
En calquera actividade escrita, sempre a criterio do/a profesor/a, cada falta de ortografía cometida poderá ser valorada restando 0,05 pts. á nota global desa actividade.				
AC TI TU DES	Ao comezo de cada avaliación, o alumnado partirá de 1 punto (10% da nota global) correspondente ás actitudes e a partir del se descontará a puntuación correspondente ás faltas cometidas polo alumnado. As faltas de asistencia sen xustificar restarán 0,20 puntos, mentres que as expulsións restarán 0,50 puntos. Cada tres faltas leves se considerará unha falta grave, que terá como consecuencia a baixada de 0,5 puntos no apartado de actitudes e incluso poderá supoñer a aplicación das medidas contempladas no RRI e na normativa vixente. Dentro das faltas leves destacamos: ○ Chegar tarde a clase sen xustificación. ○ Molestar na clase, ou levantarse sen permiso. ○ Non facer os exercicios, traballos, etc. ○ Non traer o material escolar (libro, caderno,...). ○ Tirar papeis. ○ Comer na clase. Dentro das faltas graves destacamos: ○ Insultar ou menospreciar aos compañeiros. ○ Usar o móbil ou calquera outro aparato electrónico, estando prohibido. ○ Deteriorar o material escolar ou o equipamento da aula. ○ Amosar falta de respecto ao profesorado. ○ Amosar actitudes xenófobas ou racistas.		10	10

CALQUERA OUTRO ASPECTO NON ANALIZADO NESTES APARTADOS, SERÁ RESOLTO AO LONGO DO CURSO

- * Un exame oral pode incluír cuestións longas a desenvolver, definicións, cuestións curtas, de lóxica, elaboración e/ou interpretación de debuxos e esquemas, probas de identificación visual, emprego de material de laboratorio, etc. En calquera caso, se proporcionará ao alumnado o material necesario para realizar a proba e, se é preciso, poderá empregar unha folia para realizar algún esquema ou guión.
- ✓ Unha puntuación inferior a 4 nalgún exame implicará que o/a alumno/a deba realiza-la correspondente proba de recuperación desa parte, e/ou tamén daquela/s outra/s parte/s que o/a profesor/a considere oportuno recuperar, co fin de que as notas entre tódolos exames desa avaliación se compensen entre si e acaden a media de **CINCO**.
- ✓ Se o/a alumno/a ten **aprobados o mínimo de exames esixidos** ao longo da avaliación, a **NOTA FINAL** de dita avaliación será calculada aplicando as pautas establecidas na **Táboa de Puntuación das Avaliacións**.
- ✓ Non obstante, cando o/a profesor/a o considere necesario, no caso do alumnado que non acade a media mínima para aprobar, estando próxima a ela, por amosar especiais dificultades para chegar ao nivel mínimo de coñecementos, poderase encargar a dito alumnado a realización dalgún traballo, tarefa ou actividade que compense dita nota ata acadar o aprobado.

- ✓ Na terceira avaliación, as recuperacións faranse na proba de suficiencia.
- ✓ No caso de detectarse casos de **ALUMNADO COPIANDO** nalgún exame, este suspenderá o exame cunha nota de **CERO**, e polo tanto, suspenderá **TODA A AVALIACIÓN**, polo que deberá presentarse ás correspondentes probas de recuperación. Se ditos casos son detectados durante a realización de exames finais (**XUÑO** e/ou **SETEMBRO**), o alumnado afectado **SUSPENDERÁ A ASIGNATURA**.
- ✓ O alumnado que non presente os traballos, fichas ou tarefas no prazo, suspenderá a materia e deberá presentarse á correspondente recuperación de toda a avaliación, sempre e cando presente os traballos, fichas, etc.
- ✓ O alumnado que se limita a asinar nos exames (parciais ao longo do curso ou final de xuño), ou ben, que non se presenta aos exames realizados ao longo do curso sen que exista causa xustificada algunha, terá neles unha nota de **UNO**.
- ✓ O alumnado que suspenda a materia na convocatoria de xuño deberá presentarse as **PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO** para examinarse de **TODA A MATERIA IMPARTIDA** en función dos criterios mínimos, e nas que só se aprobará se o alumnado acada unha **NOTA MÍNIMA DE CINCO**.

PROGRAMA DE RECUPERACION E REFORZO

A) DA MATERIA DO PROPIO CURSO

i) Procedementos e instrumentos de avaliación para a materia de Ciencias para o Mundo Contemporáneo de 1º de BAC

No caso do alumnado repetidor, éste deberá preparar a materia como calquera alumno que cursa a materia por 1ª vez e será examinado nas mesmas datas e mediante a mesma sistemática que para o resto do alumnado.

Non obstante, en casos excepcionais (problemas motrices, enfermidade crónica, etc.), e sempre en colaboración co departamento de Orientación, adoptaranse as medidas específicas que se consideren oportunas.

Seguidamente indícanse distintas situacións que serán resoltas de forma particular:

ii) Unha proba non superada ou unha avaliación parcial

Unha puntuación inferior a 4 nalgún exame dalgunha/s avaliación/s implicará que o/a alumno/a deba realizar automaticamente la correspondente proba de recuperación desa parte, ou ben daquelas partes con notas entre 4 e 5, que o/a profesor/a considere oportuno recuperar, co fin de que as notas de tódolos exames desa avaliación se compensen entre si e permitan acadar unha **nota media mínima de CINCO**.

Como norma xeral, os **exames de recuperación** serán realizados posteriormente a cada avaliación, agás no caso da 3ª avaliación, na que as recuperacións deberán realizarse na etapa final desa avaliación. Ditos exames de recuperación poderán consistir en probas escritas e/ou en probas orais. De forma opcional, e cando sexa necesario, a proba escrita poderá conter exercicios orais.

Unha vez realizada/s a/s proba/s de recuperación, a nota correspondente á avaliación (recuperada ou non) será igual á nota obtida no exame de recuperación se éste afectou a toda a avaliación, ou a media aritmética obtida entre a nota das partes recuperadas e as partes ou probas superadas ao longo da avaliación. En dita nota non se terá en conta a puntuación correspondente a "procedementos".

iii) A avaliación final ordinaria (xuño)

O alumnado deberá recuperar cada unha/a da/s avaliación/s completa/s que non fora recuperada na/s data/s correspondente/s mediante unha proba escrita (ou oral en casos xustificadas) conxunta desa/s avaliación/s.

Para iso, o alumnado afectado deberá presentarse á **proba final da convocatoria ordinaria de xuño** para recuperar **a/s avaliación/s completa/s**, independentemente de que teña aprobada algunha parte desa/s avaliación/s ao longo do curso. Para aprobar, en dita proba o/a alumno/a deberá obter unha **nota mínima de CINCO**.

Non obstante, se por problemas de falta de tempo non é posible realizar a recuperación da materia impartida na 3ª avaliación antes da avaliación final ordinaria de xuño, considerarase a posibilidade de recuperar no exame final ordinario de xuño soamente a parte ou partes suspensas.

Seguindo có apartado anterior, unha vez realizada a correspondente recuperación, a nota final do curso, na convocatoria de xuño, calcularase como a **media aritmética entre as notas de tódalas avaliacións**.

No caso extraordinario de que exista alumnado que non se presentou aos exames finais de maio por **ABANDONO DA MATERIA**, ditos alumnos figurarán con unha nota de **UNO**.

O alumnado que se limita a asinar nos exames (parciais ao longo do curso ou final de xuño), ou ben, que non se presenta aos exames realizados ao longo do curso sen que exista causa xustificada algunha, terá neles unha nota de **UNO**.

No caso dos alumnos aprobados, e tendo en conta que a nota final de cada avaliación debe ir expresada sen decimais nas actas de avaliación, recurrirase á técnica do redondeo unicamente nas avaliacións finais de xuño e setembro. En xeral, unha nota na que a parte decimal sexa inferior a 0,50 será redondeada cara ao natural inmediatamente inferior, mentres que se a nota é igual o superior a 0,50 será redondeada cara ao número natural inmediatamente superior. No resto das avaliacións parciais, o redondeo aplicarase á baixa (ex.: 4,25 e 4,75 redondearanse a 4), aínda que a parte decimal de ditas notas será tida en conta para calcular a nota media final da avaliación final ordinaria de xuño.

iv) A avaliación final en caso de perda do dereito á avaliación continua

No caso de que o número de **faltas de asistencia sen xustificar** dun/ha alumno/a **supere o 10 %** sobre o total de clases correspondente ao curso, en calquera dos tres trimestres-avaliacións, o/a profesor/a da materia, en colaboración co/a titor/a de grupo deberá notificar por escrito ó/á alumno/a afectado/a que para aproba-la materia deberá **presentarse a unha proba final nunha CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO PARA ALUMNOS CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA** onde se examinara daquela **MATERIA NA QUE PERDERA O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA** e de tódalas avaliacións suspensas. No caso de darse esta situación, para aprobar esa materia, o/a alumno/a deberá obter unha **nota mínima de CINCO** en dito exame.

Non obstante, se dito/a alumno/a xa realizara tódolos exames dalgunha avaliación antes de recibir-la notificación de perda do dereito á avaliación continua, e dita/s avaliación/s está aprobada, a nota final da materia en xuño calcularase como media entre a nota da proba extraordinaria de xuño e a das avaliacións aprobadas.

Por outra banda, poden darse casos de alumnos/as que non poden asistir a clase regularmente por **causas xustificadas** (enfermidade, hospitalización, problemas familiares, competicións deportivas profesionais, etc.). Nestes casos, e en función das causas, sempre en colaboración co departamento de Orientación, estableceranse unhas medidas especiais que permitan a realización de exames e traballos por parte do alumnado para aprobar a materia. Ao igual que có caso do alumnado que asiste regularmente, as probas representarán o 90 % da puntuación global, e os traballos ou tarefas de investigación, o 10 % restante. Sen embargo, se non teñen que realizar tarefas de investigación, a nota da avaliación coincidirá coa media aritmética das notas de todos os exames.

v) A avaliación final extraordinaria (setembro)

O alumnado que suspenda a materia na convocatoria final de xuño deberá presentarse as **PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO** para examinarse de **TODA A MATERIA IMPARTIDA en función dos criterios mínimos**, e nas que só se aprobará se o alumnado acada unha **NOTA MÍNIMA DE CINCO**.

O alumnado que se limita a asinar no exame de xuño-setembro terá neles unha nota de **CERO (0)**, mentres que aquel que non se presenta á proba de setembro constará como **"NON PRESENTADO" (NP)**,